

**ORDENANZA FISCAL Nº 21 REGULADORA DA  
TAXA POR OCUPACIÓN CON POSTOS,  
BARRACAS, CASETAS DE FEIRA,  
ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS  
LOCALIZADAS EN TERREOS DE USO  
PÚBLICO E INDUSTRIAS AMBULANTES E  
RODAXE CINEMATOGRAFICO.**

\*\*\*\*\*

**NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO  
IMPOÑIBLE**

**ARTIGO 1**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por OCUPACIÓN CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS DE FEIRA, ESPECTÁCULOS OU ATRACCIÓNS LOCALIZADAS EN TERREOS DE USO PÚBLICO E INDUSTRIAS AMBULANTES E RODAXE CINEMATOGRAFICO, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

**SUXEITOS PASIVOS**

**ARTÍGO 2**

Son suxeitos pasivos da Taxa regulada nesta Ordenanza, as persoas ou entidades ás que se lles outorgaron as licencias ó seu favor, ou a quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

**RESPONSABLES**

**ARTIGO 3**

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e Entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

**CATEGORIAS DAS RÚAS OU POLÍGONOS.**

**ARTÍGO 4**

Ós efectos de aplicación desta Taxa, será válida a clasificación de rúas e polígonos establecida no Anexo 2 da Ordenanza Xeral.

**CONTÍA**

**ARTÍGO 5**

A estrutura e contía desta Taxa, será a que figura na seguinte

**TARIFA**

Tomarase como base de gravame a superficie ocupada polos elementos que constitúen o obxecto desta Ordenanza.

**APARTADO A)**

**1.1.** As vendedoras de froitos, legumes, verduras e similares, que establecen habitualmente os seus postos no exterior da Praza de Abastos, satisfarán:

	€
Por ocupación de espacio, ata 4 m2 por cada día	0,69
Por cada m2 de exceso, por cada día	0,30

**1.2.** Pola venda de tecidos, louza, baterías de cociña, obxectos de metal, calzado, ferraxería, plásticos, paquetería, louza de barro, mercería, bisutería, flores e similares:

	€
Ocupación ata 4 m2 por día	3,46

Ademais do canon de ocupación diaria, abonarán trimestralmente, un canon por reserva do posto que se fixa na poxa de concesión.

**1.3.** Vendedores de froitas na vía pública:

	€
Ata 2 m2, por día	0,92
Por cada m2 de exceso, ó día	0,92

**1.4.** Quioscos na vía pública:

**a)** Temporales, con ou sen autorización, m2 ou fracción, ó día:

	€
En rúas de primeira	1,15
En rúas de segunda	0,92
En rúas de terceira	0,69
En Carril e Vilaxoán	0,69

b) Permanentes, con ou sen autorización:

	<b>€/m<sup>2</sup> ano</b>
Quioscos con ocupación permanente na vía pública (xelados, revistas, chucherías, etc...)	80,00

**1.5.** Facúltase á Xunta de Goberno Local para concerta-la ocupación de postos diarios na cantidade máxima da Tarifa, e establecer e concertar cantidade pola reserva de posto ós vendedores que desexen ter un ou máis fixos durante un tempo determinado, que será como mínimo de un ano. A taxa por reserva de posto non poderá ser superior á de ocupación.

**APARTADO B) EN FESTAS**

**Por ingreso directo:**

**1.6. Circos:**

	<b>€</b>
Por cada m2 de ocupación, ó día	0,10

**1.7. Tómbolas:**

	<b>€</b>
Ata 30 m2 de superficie ocupada, ó día	9,20
Por cada m2 de exceso, ó día	0,92

**1.8. Pistas de coches eléctricos:**

	<b>€</b>
Ata 300 m2 de superficie ocupada ó día, por cada pista	36,75
Por cada m2 de exceso, ó día	0,19

**Por recibo-talonario:**

**1.9.** Carruseis, tiro ó branco ou de pichón, teatros, panoramas, fenómenos, tío-vivos, cinemas e outros similares ós anteriores. Por ocupación da vía pública:

	<b>€</b>
Ata 15 m2, cada día	9,20
Por cada m2 de exceso, ó día	0,55

**1.10.** Churrerías, pulperías e postos de viños e comidas:

	<b>€</b>
Ata 15 m2, cada día	9,20
Por cada m2 de exceso, ó día	0,37

**1.11.** Columpios e similares:

	<b>€</b>
Cada día	1,84

**1.12.** Vendedores ambulantes autorizados, de froitas verdes ou secas, pasteis, pastillas, buñuelos, refrescos e análogos:

	<b>€</b>
Cada día	9,20

**APARTADO C) NON FESTAS**

**1.13.** Circos e barracas de circos:

	<b>€</b>
Por cada m2 de superficie ocupada, ó día	0,07

**1.14.** Tómbolas:

	<b>€</b>
Por cada m2 de superficie ocupada, ó día	0,10

**1.15.** Coches eléctricos:

	<b>€</b>
Por cada m2 de superficie ocupada, ó día	0,10

**1.16.** Carruseis, tiro o branco ou de pichón, teatrillos, panoramas, fenómenos, tiovivos, cinemas e outros similares os anteriores, churrerías, pulperías, postos de viños e comidas, columnas e similares e outros:

	<b>€</b>
Mínimo de 15 metros	5,52
Por cada m2 de exceso, ó día	0,08

As fraccións de metro de superficie ocupada, computaranse como unidades para o pago de esta taxa.

**NORMAS DE XESTIÓN**

**ARTIGO 6**

**1.-**As cantidades esixibles con arreglo ás Tarifas, liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, e serán irreducibles polo período anual ou de temporada autorizado.

**2.-**Os emprazamentos, instalacións, postos, etc. poderán sacarse a licitación pública antes da celebración das ferias e o tipo de licitación, en concepto de taxa mínima que servirá de base, será a contía fixada no artigo número 5.

Procederase con antelación á poxa, á formación dun plano dos terreos dispoñibles para ser poxados, numerando as parcelas que sexan obxecto de licitación e sinalando a súa superficie. Así mesmo, indicaranse as parcelas que poidan adicarse a coches de choques, circos, teatros, exposicións de animais, restaurantes, neveiras, quincalla, etc.

Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie da que lle foi adxudicada na poxa, satisfará por cada metro cadrado utilizando de máis, o cen por cen do importe da poxa, ademais da contía fixada nas Tarifas.

3.-As persoas ou Entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados neste acordo e non sacados a licitación pública, deberán solicitar previamente a correspondente licencia, realiza-lo depósito previo ó que se fai referencia no punto 7.2, seguinte e formular declaración na que conste a superficie de aproveitamento e os elementos que se van a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do Concello.

Os servizos técnicos deste Concello, comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose ás autorizacións de non atopar diferencias coas peticións de licencias, se se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos interesados, e no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este Concello a devolución do importe ingresado.

4.-Non se consentirá ningunha ocupación da vía pública ata que se pagara e se obtivera polos interesados a licencia correspondente.

5.-As autorizacións xa concedidas entenderanse prorrogadas mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes.

A presentación da baixa, producirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. A non presentación da baixa determinará a obrigaición de continuar pagando a Taxa.

As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia, sen prexuício das contías que corresponda pagar ós interesados.

## **DEVENGO**

### **ARTÍGO 7**

1.- O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no momento de solicita-la correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalado nas tarifas, no seu caso, nos que determine a Alcaldía-Presidencia.

2.- O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese a Alcaldía-Presidencia, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, quedando elevado a definitivo ó concederse as licencias correspondentes.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas nos Padróns ou Matrículas desta Taxa, nos períodos que sinalen as tarifas da Taxa, ou no seu caso, os que determine a Alcaldía-Presidencia e no prazo de dous meses en vía voluntaria.

## **ENTRADA EN VIGOR**

O presente acordo foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

### **Fechas anteriores modificacións:**

Publicado BOP (establecemento taxa): 17/12/1998  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004  
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

### **Fecha modificación actual:**

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007